

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

ITINERARIO DE COMPOSICIÓN

(6º G. Profesional)

Departamento de Nome do Departamento

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

GRAO PROFESIONAL.....	3
Itinerario Composición 6º Curso	3
Obxectivos:	3
Contidos:	3
Criterios de avaliación.....	5
Mínimos esixibles:.....	5
Procedementos de avaliación:.....	5
Criterios de cualificación:	5
Proba extraordinaria de Setembro:.....	6
Exame de perda de avaliación continua	6
Bibliografía:	6
Recursos:	6
Actividades complementarias:	6



GRAO PROFESIONAL

A presente programación didáctica elaborase a partir da seguinte lexislación vixente:

- Lei Orgánica 2/ 2006, de educación
- Decreto 203/ 2007, do 27 de setembro.

Nesta programación didáctica desenvólense e secuencianse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no currículo oficial da materia do itinerario de composición que se imparte no 6º curso do Grao Profesional en tódalas especialidades instrumentais.

O alumnado ao cal vai dirixido parte dos coñecementos adquiridos nas materias de Linguaxe musical e Harmonía e busca unha sólida formación de escritura cara aos estudos do grao superior de Composición, Dirección, Musicoloxía, Pedagogía, etc., sen que iso exclúa que poida cursar este itinerario o alumnado que desexe orientarse á interpretación.

Itinerario Composición 6º Curso

Obxectivos:

- Coñecer os principais elementos e procedementos do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre, e comprender a evolución das regras históricas, así como a súa relación cos estilos e as épocas.
- Utilizar os principais elementos estudados de contrapunto rigoroso e do contrapunto libre.
- Compoñer pequenas obras a partir de un esquema harmónico dado.
- Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.
- escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras coma na realización de exercicios escritos.
- Identificar os procedementos aprendidos a través da audición de obras ou de exercicios escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico de forma esquemática os procedementos compositivos básicos estudados.
- Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados
- Coñecer os instrumentos, as súas posibilidades e a técnica básica.

Contidos:

Trimestre 1º

- **Conceptos:**
 - Contrapunto e harmonía.



- Contrapunto simple:
 - “Cantus firmus”.
 - Normas xerais harmónicas e melódicas do contrapunto severo.
 - Contrapunto a dúas partes: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª especies.
 - Contrapunto a tres partes: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª especies.
- Inicio do estudo da imitación.

▪ **Procedementos:**

- Realización de exercicios a dúas e tres voces sobre cantus firmus imposto como voz superior ou inferior podendo transportarse a diferentes tonalidades.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos traballados que conduza á súa interiorización.
- Análise de obras ou fragmentos referidas aos contidos.
- Realización de exercicios libres de carácter imitativo.

Trimestre 2º

▪ **Conceptos:**

- Contrapunto simple:
 - Contrapunto a tres partes: Mestura de especies.
 - Contrapunto a catro partes: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª especies.
 - Mestura de especies.
- Estudo do canon á oitava a dúas voces.
- Coñecemento do coral figurado “a capella” segundo o estilo de J. S. Bach.

▪ **Procedementos:**

- Realización de exercicios a tres e catro voces sobre “cantus firmus” imposto como voz superior, media ou inferior podendo transportarse a diferentes tonalidades.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos traballados que conduza á súa interiorización.
- Análise de obras ou fragmentos referidas aos contidos.
- Análise de corais” a capella” segundo o estilo de J. S. Bach.
- Práctica do canon a dúas voces á oitava.
- Realización de exercicios libres de carácter imitativo.

Trimestre 3º

▪ **Conceptos:**

- Estudo dos elementos e procedementos necesarios para a composición de pequenas pezas mediante un esquema harmónico dado ou ben de pezas libres mediante a textura de melodía acompañada e formas breves.
- Coñecemento dos instrumentos da orquestra, a súa técnica e os seus recursos.



▪ **Procedementos:**

- Realización de composicións de pequenas obras a partir de esquemas harmónicos dados.
- Realización de composicións de pequenas obras libres que empreguen textura de melodía acompañada e formas breves.
- Práctica auditiva e instrumental dos elementos e procedementos traballados que conduza á súa interiorización.
- Análise en obras ou fragmentos da técnica e recursos dos instrumentos da orquestra.
- Emprego de instrumentos na composición de pequenas formas libres.

Criterios de avaliación.

- Demostrar o dominio do alumno no referente á práctica do contrapunto simple a dúas, tres e catro voces, no referente a crear liñas melódicas interesantes e equilibradas, así como a destreza na superposición das mesmas.
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito.
- Identificar auditivamente e mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.
- Realizar cánones por movemento directo a dúas voces e á oitava demostrando a capacidade do alumno para crear liñas melódicas interesantes que sexan equilibradas harmónica e contrapuntísticamente.
- Analizar corais “a capella” ao estilo de J. S. Bach.
- Compoñer breves pezas a partir dun esquema harmónico dado.
- Compoñer pequenas obras libres que empreguen textura de melodía acompañada e formas breves.
- Empregar instrumentos na composición de exercicios ou pequenas pezas.

Mínimos esixibles:

- Dominio do contrapunto simple a dúas tres e catro partes.
- Coñecemento e dominio do canon á 8ª a dúas voces.
- Interpretación nun instrumento polifónico dos traballos realizados.

Procedementos de avaliación:

Observación sistemática, diaria e individual do alumno. O diario de clase coma rexistro da información da evolución do alumno. Rexistro (arquivo) dos traballos realizados ao longo do trimestre polo alumno e os exames.

Criterios de cualificación:

- A participación activa na clase suporá o 10 % da nota.



- A realización dos traballos de casa suporá o 30 % da nota.
- A nota dos diferentes exames suporá o 60 % da nota final.

Proba extraordinaria de Setembro:

A proba a realizar no mes de setembro destinada ao alumnado que non superará a materia en xuño, baseada nos contidos da materia, consistirá:

- Nun exercicio/os de contrapunto sobre os contidos do curso correspondente.
- Ademais, o alumno presentará unha pequena composición a partir das indicacións do profesor, de acordo coa programación do curso.

Exame de perda de avaliación continua

O alumnado que por exceso de faltas de asistencia (3 nun trimestre ou 9 no total do curso) teña perdido o dereito á avaliación continua terá dereito a un exame alternativo ó final de curso. Esta proba seguirá o mesmo protocolo do exame extraordinario de setembro descrito anteriormente nesta programación.

Bibliografía:

- Tratado de contrapunto tonal e atonal _____J. García Gago. Ed. Clivis

Recursos:

- Pizarra e papel pautados.
- Piano.
- Equipo de audio.
- Ordenador e software musical.
- Internet.
- Partituras para a análise.

Actividades complementarias:

- Lectura de obras ou fragmentos (adaptados aos contidos do curso).
- Análise das mesmas.
- Realización de traballos monográficos.
- Audición de obras referidas aos contidos do curso.
- Asistencia habitual a Concertos.
- Visualización de obras en vídeo, relacionadas cos contidos de estudo.
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos.